

## :: A entrega da Medalla Special Olympics Galicia

A Xunta Directiva de Special Olympics Galicia, acordou concederlle a Medalla da asociación a Dona Ana María García Amor, quen foi primeira presidenta da Federación FADEMGA Plena inclusión Galicia entre os anos 1981 e 1988, una ampla etapa de especial significado por canto ademáis de ser a primeira e de dispoñer de escasísimos medios, constituiu a base sobre a cal puido lograrse o noso posterior desenvolvemento.

Ela sempre foi un nexo de unión e colaboración entre as asociacións do noso Movemento Asociativo, destacando que tamén é socia de Special Olympics Galicia, tendo colaborado xa antes da constitución da asociación en importantes eventos nacionais e internacionais. A súa colaboración tamén foi vital para a constitución da actual ASPRONAGA, iniciando o Centro Laboral Lamastelle, o Centro Ricardo Baró, os Pisos Tutelados do Fogar Residencia e da Casa de Lamastelle e dando un forte impulso ás actividades de lecer e tempo libre.

Unha contribución intensa, prolongada e eficaz.





## 2 atletas galegos participaron no 5º Curso de Formación Nacional de Náutica



Os atletas Javier Rivera da asociación ASPRONAGA (A Coruña) e Jesús Cabo da asociación ASPAS (Santiago), participaron entre o 13 e o 17 de setembro no 5º Curso de Formación Nacional de Náutica - que se realiza cada ano en Palma de Mallorca- acompañados pola adestradora Patricia Germano.

Durante a duración do curso, os alumnos, divididos en varios grupos, turnáronse para recibir clases teóricas e prácticas de vela.

Durante ditas clases, os deportistas familiarízanse coas embarcacións, o medio e os ventos que se empregan na illa para navegar, ademais de aportar datos para o coñecemento básico do material.

Os monitores que os acompañan en cada saída, tamén lles ensinaron a identificar a dirección e a intensidade dos ventos, as maniobras básicas como a virada, aspectos de seguridade básica no mar e os rumbos, despois do cal sairon a navegar para poñer en práctica as leccións aprendidas.

